



**CONVOCATORIA DE PRAZAS PARA O ESTUDANTADO
DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA NAS RESIDENCIAS PÚBLICAS
UNIVERSITARIAS DOS CAMPUS DE FERROL E A CORUÑA**

CURSO 2018-2019

A Universidade da Coruña (UDC) convoca **prazas de aloxamento** nas residencias públicas universitarias dos campus de Ferrol e A Coruña para o curso académico 2018-2019 consonte as seguintes

BASES

1.ª SOLICITANTES

Poderá solicitar praza nas residencias públicas da UDC o estudantado matriculado a tempo completo que cumpra os requisitos recollidos no Anexo I desta convocatoria e que vaia desenvolver a súa actividade académica, durante o curso 2018-2019, nos campus de Ferrol ou A Coruña.

Non serán admitidas as solicitudes das persoas que non cumpran os requisitos esixidos nesta convocatoria, amais das daquelas persoas que se atopen nalgún dos seguintes casos:

- a) Persoas que con data do 30 de xuño de 2018 manteñan cantidades pendentes de pagamento en concepto de dereitos de aloxamento do curso 2017-2018.
- b) Residencia Pública Universitaria de Ferrol: como regra xeral, quen tiver o domicilio familiar no municipio de Ferrol ou na área metropolitana deste, que comprende os concellos de Miño, Cabanas, Pontedeume, Fene, Narón, Valdoviño, Neda, Ares, Mugardos e Cedeira.
- c) Residencia Pública Universitaria Elvira Bao (A Coruña): como regra xeral, quen tiver o domicilio familiar no municipio da Coruña ou na área metropolitana deste, que comprende os concellos da Laracha, Carballo, Betanzos, Oza-Cesuras, Miño, Curtis, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Bergondo, Sada, Abegondo, Carral, Cerceda e Ordes.
- d) Persoas que superen os límites de renda e patrimonio familiar marcados no real decreto polo que se establezan os límites de renda e patrimonio para obter as bolsas e axudas do Ministerio de Educación e Formación Profesional no curso 2018-2019 (pendente de publicación), ou cuxa renda persoal dispoñible supere os 13 500 €.
- e) Alumnado que no curso 2018-2019 participe no programa Erasmus, nun programa de intercambio ou nun convenio bilateral de mobilidade.

2.ª NÚMERO DE PRAZAS, PREZOS E DURACIÓN DAS ESTADÍAS

As prazas que se ofertan na Residencia Pública Universitaria (Ferrol) son 22, mentres que na Residencia Pública Universitaria Elvira Bao (A Coruña) son 46. O tipo de cuarto e os prezos que deberá satisfacer o alumnado recóllense no Anexo II.

O período de duración das estadías será do 8 de setembro de 2018 ao 11 de xuño de 2019. As residencias permanecerán pechadas do 24 de decembro de 2018 ao 1 de xaneiro de 2019 e do 18 ao 21 de abril de 2019, sen que esta circunstancia implique ningunha redución dos prezos.

No suposto de que a Residencia Pública Universitaria Elvira Bao non estea dispoñible o 8 de setembro, o estudantado con praza asignada terá dereito a unha das axudas da convocatoria de axudas de carácter xeral do plan propio da UDC destinadas ao aloxamento dos estudantes durante o curso 2018-2019. Posteriormente poderá optar a ingresar nesta residencia, sempre que renuncie ao importe proporcional pendente da axuda.



As prazas nas residencias outorgaráselle ao alumnado con maior puntuación total de acordo cos criterios académicos e económicos que se sinalan nesta convocatoria. No caso de renunciar a unha destas prazas sen causa xustificada e debidamente documentada, o/a estudante non terá dereito a optar ás axudas de aloxamento da UDC antes mencionadas.

O estudantado que quede sen praza nas residencias, cumprindo os requisitos, valeralle a mesma solicitude para a axuda propia de aloxamento da UDC. A concesión e o número de axudas estarán reguladas nesa convocatoria e terá a obriga de presentar dentro dos prazos que marque esa convocatoria destas axudas a documentación xustificativa (contrato de aluguer, conta bancaria da que sexa titular ou cotitular e recibos de pagamento das mensualidades do aluguer).

3.^a PROCEDEMENTO, PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes de prazas deberán cubrirse telematicamente a través da aplicación a que se accede desde a seguinte ligazón:

<https://aplicacions.sic.udc.es/SolicitudResidencias>

Unha vez cuberto o formulario, a persoa solicitante deberá imprimila e asinala xunto cos demais membros computables da unidade familiar.

Presentarase, xunto coa documentación esixida nos anexos:

- a) na Coruña, na Sección de Bolsas, que se atopa no Pavillón de Estudantes (campus de Elviña);
- b) en Ferrol: no SAPE, situado no Edificio Apoio ao Estudo (campus de Esteiro);
- c) ou por calquera dos procedementos establecidos no art. 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Presentarase unha única solicitude por persoa.

O prazo de presentación contará desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC e **rematará ás 14:30 horas do día 20 de xullo de 2018.**

4.^a TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES

Unha vez que remate o proceso de avaliación de solicitudes, publicaranse as relacións provisionais de persoas admitidas, xunto coa puntuación acadada, e de solicitudes excluídas, xunto coa causa da exclusión.

As persoas excluídas disporán dun prazo de sete días hábiles para achegaren a documentación que permita emendar os erros que se apreciaren. Posteriormente publicaranse as relacións definitivas de persoas admitidas nas residencias, persoas que pasan á listaxe de agarda e persoas excluídas.

Todas estas listaxes publicaranse na sede electrónica da UDC.

5.^a ACEPTACIÓN, ENTREGA E DEVOLUCIÓN DA FIANZA

O estudantado a que lle sexa concedida unha praza nas residencias públicas universitarias dos campus de Ferrol ou da Coruña deberá depositar unha fianza por importe de 150 € no caso de ocupar un cuarto dobre, e de 200 € no caso de lle corresponder un cuarto individual.

Para o ingreso da fianza utilizarase o modelo normalizado que se facilitará, co código de ingreso «320.016-Fianza Residencias». O prazo para facelo e presentar o xustificante ben no SAPE (Ferrol), ben na Sección de Bolsas (A Coruña), será de cinco días hábiles desde a publicación da listaxe definitiva de persoas admitidas.



A entrega do xustificante servirá como confirmación da aceptación da praza por parte da persoa adxudicataria, que tamén deberá asinar o documento de aceptación das condicións xerais que rexen o aloxamento nas residencias. Se non cumprixe algún destes trámites, entenderase que renuncia á praza que se lle concedeu e procederase a cubrila coa persoa oportuna da listaxe de agarda.

A fianza devolverase ao final do curso, agás naqueles casos en que o/a alumno/a deteriorase as instalacións ou a moblaxe da residencia, teña pendentes débedas ou abandone a residencia por decisión propia antes de rematar o curso.

A asignación dos cuartos efectuarase nas residencias.

6.ª PERDA DO DEREITO Á PRAZA

Ademais dos que se recollen noutros apartados desta convocatoria, serán motivos de perda do dereito á praza que se conceda os seguintes:

- a) O atraso no pagamento das cotas da residencia en máis de dous meses.
- b) A cesión de calquera tipo a outra persoa da praza que se lle concedeu.
- c) A anulación ou suspensión da matrícula na UDC.
- d) A modificación da matrícula, se debido a isto, o/a estudante deixa de estar matriculado/a a tempo completo (48 créditos segundo a normativa de xestión académica do curso 2018-2019).

Rematado o proceso de adxudicación de prazas, a UDC verificará na Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) a exactitude dos datos económicos achegados polos solicitantes. De existir discrepancias no tocante aos datos declarados, procederase á revogación da praza concedida.

As prazas adxudicadas serán revogadas en calquera caso cando non se cumpran os requisitos establecidos, cando exista unha ocultación ou un falseamento nos datos achegados ou por aquela circunstancia sobrevida que faga que a persoa beneficiaria deixe de reunir os requisitos esixidos.

A UDC poderá determinar que se produciu a ocultación ou o falseamento de informacións por calquera medio de proba, e, en particular, mediante os datos que obren en poder de calquera administración pública.

A UDC tamén poderá denegar a praza ou proceder a súa revogación no caso de detectar unidades familiares que xustifiquen uns ingresos que obxectivamente estean por debaixo do seu nivel de gastos, se non acreditan os medios de vida con que contan.

7.ª RÉXIME XURÍDICO DESTA CONVOCATORIA

Aplicarase como lexislación supletoria o Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, polo que se establece o réxime das bolsas e axudas ao estudo personalizadas; o real decreto polo que se establezan os límites de renda e patrimonio familiar e as contías das bolsas e axudas ao estudo para o curso 2018-2019 (pendente de publicación); e a convocatoria de bolsas de carácter xeral destinadas ao estudantado universitario do Ministerio de Educación e Formación Profesional para o curso 2018-2019 (tamén pendente de publicación).

8.ª AUTORIZACIÓN PARA OBTEN DATOS DA AEAT

A presentación da solicitude de praza de aloxamento implicará a autorización á UDC para obter e verificar, a través das correspondentes administracións tributarias, os datos precisos para determinar a renda dos membros computables da unidade familiar da persoa solicitante. Así mesmo, comportará que a UDC quede autorizada para comprobar aquelas outras situacións acreditativas das situacións persoais alegadas, a información sobre as



cales estea en poder dalgunha administración pública. Para iso é imprescindible que as solicitudes sexan asinadas por todos os membros computables da familia.

9.ª DISPOSICIÓN FINAL

Para os efectos previstos no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. do procedemento administrativo común das administracións públicas, esta convocatoria e os sucesivos actos do procedemento a que atinxe, cuxa publicación se determina nestas bases, serán publicados no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC.

A Coruña, 6 de xullo de 2018

O reitor

Julio E. Abalde Alonso

ANEXO I. REQUISITOS XERAIS QUE DEBEN CUMPRIR AS PERSOAS SOLICITANTES

1) Requisitos para solicitar a admisión

a) Residencia Pública Universitaria (Ferrol): como regra xeral o domicilio familiar deberá estar fóra do municipio de Ferrol ou da súa área metropolitana, que comprende os municipios de Miño, Cabanas, Pontedeume, Fene, Narón, Valdoviño, Neda, Ares, Mugardos e Cedeira.

b) Residencia Pública Universitaria Elvira Bao (A Coruña): como regra xeral o domicilio familiar deberá estar fora do municipio da Coruña ou da súa área metropolitana, que comprende os municipios da Laracha, Carballo, Betanzos, Oza-Cesuras, Miño, Curtis, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Bergondo, Sada, Abegondo, Carral, Cerceda e Ordes.

Para a adxudicación das prazas requirirase que a persoa solicitante acredite que, por razón da distancia do domicilio familiar ao centro docente e os medios de comunicación existentes, ten que residir fóra do domicilio familiar durante o curso.

2) Requisitos para os estudantes de nova admisión e de continuación de estudos nos graos e mestrados universitarios oficiais

Matricularse a tempo completo en calquera dos graos ou mestrados universitarios oficiais que oferta a UDC no curso 2018-2019, ben nos centros do campus de Ferrol ou ben nos centros do campus da Coruña.

O estudantado que acceda por primeira vez aos estudos universitarios a través das probas de avaliación do bacharelato para o acceso á universidade (ABAU) deberá obter nas devanditas probas unha cualificación igual ou superior a 5, excluída a nota da fase específica. No caso do alumnado que acceda por primeira vez a estudos universitarios por outros medios, deberá ter unha nota media igual ou superior a 5 nos estudos que lle dean acceso á universidade.

O alumnado que continúe os seus estudos nun grao ou mestrado universitario oficial da UDC deberá ter como mínimo a media seguinte:

- a) En estudos de ensinanza técnica: 3,5
- b) Nos restantes estudos universitarios e superiores: 4

En todos os casos a puntuación académica calcularase en base 10 e estará referida á convocatoria de xuño de 2018.

Para o cálculo da nota media en base 10 aplicaranse estas regras:

a) As cualificacións computaranse de acordo co seguinte baremo:

- Mención de matrícula de honra (sobresaliente e mención), 10 puntos
- Sobresaliente (entre 9 e 10 puntos), 9 puntos
- Notable (entre 7 e 8,9 puntos), 7,5 puntos
- Aprobado ou apto (entre 5 e 6,9 puntos), 5,5 puntos
- Suspenso, non presentado, renuncia, anulación de convocatoria, 2,5 puntos

b) Cando se trate de plans de estudo organizados en créditos, a puntuación que resulta de aplicar o baremo anterior a cada materia ponderarase en función do número de créditos que a integren, de acordo coa seguinte fórmula:

$$V = \frac{P \times NC_a}{NC_t}$$



Onde:

V é o valor resultante da ponderación da nota media obtida en cada materia.

P é a puntuación de cada materia segundo o baremo establecido no apartado anterior.

NC_a é o número de créditos da materia.

NC_t é o número de créditos cursados e que teñen a consideración de computables nesta convocatoria.

Os valores resultantes da aplicación da fórmula sumaranse e o resultado será a nota media final.

No caso daqueles estudantes que non estiven matriculados na UDC no curso 2017-2018, os requisitos académicos esixiránelles respecto ao último curso realizado.

3) Requisitos para estudantes de doutoramento

a) O estudantado que vaia solicitar a súa admisión nalgún dos programas de doutoramento da UDC no curso 2018-2019 poderá solicitar unha praza en calquera das dúas residencias con que conta esta universidade. A concesión da praza estará condicionada á matrícula definitiva a tempo completo no programa de doutoramento, de xeito que o dereito a ocupala se perderá de forma automática de non ser admitido nos citados estudos.

b) O estudantado que estea na fase de elaboración da tese de doutoramento deberá presentar o informe de rendemento positivo do/a director/a da tese ou da correspondente comisión académica do programa de doutoramento. Deberá estar matriculado a tempo completo.

4) Requisitos para a renovación das prazas de aloxamento

A renovación será preferente nos seguintes casos:

- a) Se as persoas solicitantes cumpren os requisitos académicos recollidos neste anexo da convocatoria.
- b) Se non existe ningún informe negativo da residencia en que estivesen aloxadas.
- c) Se manteñen unhas condicións económicas similares ás que permitiron a obtención da praza no curso anterior.

5) Reserva de prazas

a) No caso da Residencia Pública Universitaria (Ferrol):

- Un 20% das prazas resérvase para o alumnado que inicie os seus estudos en primeiro curso por primeira vez
- Resérvanse dúas prazas gratuítas para ofrecelas en convenios asinados pola UDC que así o recollan nas súas cláusulas. De non cubrirse, acumularíanse á cota xeral.
- Resérvanse dúas prazas para o estudantado de intercambio internacional que estea de estadía na nosa universidade. No caso de quedaren prazas vacantes, esta porcentaxe poderá ampliarse.

b) No caso da Residencia Pública Universitaria Elvira Bao (A Coruña):

- Un 20% das prazas resérvase para o alumnado que inicie os seus estudos en primeiro curso por primeira vez.
- Resérvanse dúas prazas individuais para persoas cunha discapacidade igual ou superior ao 33%, asociada a dificultades na súa mobilidade, que requiran dun cuarto adaptado.



- Resérvase unha praza gratuíta para ofrecela en convenios asinados pola UDC que así o recollan na súas cláusulas. De non cubrirse, acumularíase á cota xeral.
- Resérvanse tres prazas para o estudantado de intercambio internacional que estea de estadía na nosa universidade. No caso de quedaren prazas vacantes, esta porcentaxe poderá ampliarse.

No caso de resultaren prazas vacantes poderán serlles concedidas ás persoas solicitantes que non cumpran coa nota media esixida no seu caso. Concederanse en primeiro lugar ás que fosen residentes no curso anterior, empezando polas de nota media máis alta, e a continuación aos solicitantes de nova admisión, empezando polos de renda dispoñible máis baixa.

6) Incompatibilidades

A concesión dunha praza nas residencias públicas universitarias dos campus de Ferrol ou da Coruña é incompatible coa concesión da *contía fixa ligada a residencia* da convocatoria de bolsas de carácter xeral do Ministerio de Educación e Formación Profesional, así como con calquera outra axuda ou bolsa que teña a mesma finalidade.

No caso de quedaren vacantes o alumnado cunha incompatibilidade poderá obter unha praza na residencia da súa elección aboando a cantidade indicada no Anexo II.



ANEXO II. NÚMERO, TIPO E PREZOS DAS PRAZAS

Residencia Pública Universitaria (campus de Ferrol)

Rúa Sánchez Barcaiztegui, s/n

15401 Ferrol

Ofértanse 22 prazas: 16 en cuarto individual e 6 en cuarto dobre (non mixtos)

As prazas serán outorgadas de acordo coa puntuación total obtida pola persoa solicitante conforme aos criterios académicos e económicos establecidos nas bases desta convocatoria.

Prezos por praza (euros/mes) que aboará o estudantado:

NÚMERO DE PRAZAS	TIPO DE CUARTO	ESTUDANTADO SEN BOLSA	ESTUDANTADO CON BOLSA*
16	Individual	130 €/mes	195 €/mes
6	Dobre	100 €/mes	165 €/mes

(*) No caso de quedar prazas vacantes e poder optar a elas aqueles alumnos a que se refire a epígrafe 6) do Anexo I, sobre incompatibilidades.

No prezo inclúense os consumos de calefacción, electricidade, auga e conexión wi-fi.

Na solicitude de praza nesta residencia o alumnado deberá marcar se prefire ocupar un cuarto individual ou dobre mediante a opción de 1 e 2. No caso de lle ser indiferente, sinalará: 1 individual, 2 dobre, que significará que se non consegue un cuarto individual aceptaría ocupar outro dobre. De se marcar só unha opción, non se considerará a seguinte.

Residencia Pública Universitaria Elvira Bao (campus da Coruña)

Rúa Archer Milton Huntington, 24

15011 A Coruña

Ofértanse 46 prazas: 2 en cuarto individual destinadas ao alumnado cunha discapacidade igual ou superior ao 33%, asociada a dificultades na súa mobilidade, que requira dun aloxamento adaptado; e 44 en cuarto dobre (non mixtas)

As prazas serán outorgadas de acordo coa puntuación total obtida pola persoa solicitante conforme aos criterios académicos e económicos establecidos nas bases desta convocatoria:

Prezos por praza (euros/mes) que aboará o estudantado:

NÚMERO DE PRAZAS	TIPO DE CUARTO	ESTUDANTADO SEN BOLSA	ESTUDANTADO CON BOLSA*
2	Individual	130 €/mes	195 €/mes
44	Dobre	100 €/mes	165 €/mes

(*) No caso de quedar prazas vacantes e poder optar a elas aqueles alumnos a que se refire a epígrafe 6) do Anexo I, sobre incompatibilidades.

No prezo inclúense os consumos de calefacción, electricidade, auga e conexión wi-fi.

Para os adxudicatarios dunha praza reservada para persoas con discapacidade que precisen os servizos dun/dunha asistente persoal para garantir a súa autonomía, facilitarase, sen custo adicional, outra cama dentro do mesmo cuarto.



ANEXO III. DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBE ACHEGAR COAS SOLICITUDES

1) Documentación xeral

- a) Copia do DNI da persoa solicitante e dos membros computables da unidade familiar maiores de 14 anos. No caso dos membros da unidade familiar menores de 14 anos, copia do libro de familia.
- b) Certificado de convivencia do concello en que figuren empadroados todos os membros computables da unidade familiar.
- c) As persoas con discapacidade: certificado de cualificación da discapacidade.

2) Documentación académica

- a) O estudantado procedente do bacharelato que se incorpore por primeira vez á UDC deberá achegar o documento acreditativo da cualificación final obtida nas probas da ABAU (copia da tarxeta).
- b) O estudantado procedente de formación profesional que se incorpore por primeira vez á UDC deberá achegar unha certificación académica persoal dos estudos que lle dean acceso á universidade.
- c) O estudantado de grao ou mestrado universitario oficial que no curso 2017-2018 estivese matriculado nunha universidade distinta á UDC deberá presentar unha certificación persoal dos estudos realizados.
- d) O estudantado de doutoramento que acceda por primeira vez a un programa de doutoramento deberá presentar unha certificación académica das cualificacións obtidas na titulación previa, no caso de que non a cursase na UDC.

No caso de estar realizando os cursos de doutoramento, deberá presentar un xustificante da matrícula. Se no curso 2017-2018 non se estudaba na UDC, ademais cumprirá entregar unha certificación das cualificacións obtidas nos cursos de doutoramento xa realizados.

3) Documentación económica

- a) Copia completa da declaración da renda das persoas físicas referida ao exercicio 2017 dos membros que constitúan a unidade familiar a que pertence a persoa solicitante, xunto coa folla de liquidación do ingreso selado pola entidade bancaria ou a correspondente delegación da AEAT, conforme foi presentada, ou ben a constatación de tela presentada pola internet.
- b) Copia dos recibos da contribución urbana (catastro) do exercicio 2017, excluída a vivenda habitual.
- c) No caso de a unidade familiar non ter a obriga de presentar a declaración da renda, deberá achegarse, segundo sexa o caso, a seguinte documentación:
 - Certificado de imputación da renda expedido pola AEAT correspondente ao exercicio 2017
 - Certificado de haberes e retencións
 - Certificado de prestación de desemprego e vida laboral
 - Documento da/s entidade/s bancarias oportunas en que consten os rendementos de capital mobiliario e ganancias e perdas patrimoniais percibidas durante o ano 2017
 - No caso dos pensionistas, copia do xustificante anual da/s pensión/s



d) De ser o caso deberase achegar tamén os seguintes documentos:

- Copia da sentenza de separación ou divorcio e convenio regulador
- Xustificación do estado civil do pai ou da nai do/a solicitante
- Xustificante de orfandade absoluta do/a solicitante
- Copia da acta de constitución de sociedades e do imposto de sociedades

Rematado o proceso de adxudicación das prazas, a UDC verificará na AEAT a exactitude dos datos económicos achegados pola persoa solicitante. Procederase á revogación da axuda, no caso de haber discrepancias cos datos declarados.

ANEXO IV. BAREMO PARA A AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES DE PRAZA

A puntuación total será a suma das puntuacións académica e económica obtidas consonte os seguintes criterios:

1) Puntuación académica

No caso dos estudantes que inician estudos universitarios a puntuación académica será a cualificación obtida nas probas da ABAU, excluída a nota da fase específica. No caso de que se acceda á universidade sen ABAU, a puntuación académica será a media do expediente dos estudos que lle dean acceso á universidade á persoa solicitante.

Para o resto do estudantado de grao e mestrado universitario oficial, a puntuación académica será a nota media calculada consonte o especificado na epígrafe 2 do Anexo I desta convocatoria.

Para o estudantado de terceiro ciclo a puntuación académica virá dada pola nota media obtida nos estudos de acceso ao doutoramento, conforme o sinalado no parágrafo anterior.

2) Puntuación económica

A puntuación económica outorgarase en función da renda persoal dispoñible definida como a renda familiar da persoa solicitante, calculada segundo sinale o real decreto polo que se establezan os límites de renda e patrimonio familiar e as contías de bolsas e axudas ao estudo para o curso 2018-2019 (pendente de publicación), así como a convocatoria de bolsas de carácter xeral para o curso 2018-2019 do Ministerio de Educación e Formación Profesional, e dividida polo número de membros da unidade familiar. Na táboa seguinte poden verse as equivalencias:

RENDA PERSOAL DISPOÑIBLE (RPD)	PUNTOS
Por debaixo de 3771 euros	4
Entre 3771,00 e 4822,66 euros	3,6
Entre 4822,67 e 5874,33 euros	3,2
Entre 5874,34 e 6926,00 euros	2,8
Entre 6926,01 e 7977,67 euros	2,4
Entre 7977,68 e 9029,34 euros	2
Entre 9029,35 e 10 081,01 euros	1,6
Entre 10 081,02 e 11 132,68 euros	1,2
Entre 11 132,69 e 12 184,35 euros	0,8
Entre 12 184,36 e 13 236,00 euros	0,4
Superior a 13 236,00 euros	0

3) Puntuación por discapacidade

A Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria poderá conceder unha puntuación adicional de entre 0 e 4 puntos ás persoas solicitantes de acordo co seu grao de discapacidade e as implicacións deste na súa mobilidade e no seu desenvolvemento das actividades cotiás. Esta puntuación sumarase á obtida de acordo co seguinte baremo:

- a) Grao de discapacidade do 33%: 1 punto
- b) Grao de discapacidade entre o 34% e o 50%: 2 puntos
- c) Grao de discapacidade entre o 51% e o 75%: 3 puntos
- d) Grao de discapacidade superior ao 75%: 4 puntos

**SOLICITUDE DE PRAZA DE ALOXAMENTO UNIVERSITARIO
UNIVERSIDADE DA CORUÑA - CURSO 2018/2019****SOLICITUDE PARA RESIDENCIA PÚBLICA UNIVERSITARIA – FERROL**1º: CUARTO INDIVIDUAL ☐ 2º: CUARTO DOBRE ☐SOLICITUDE DE NOVA ADMISIÓN ☐ SOLICITUDE DE RENOVACIÓN ☐
Opta á axuda de carácter xeral ao aloxamento ☐DATOS PERSOAIS (encher en letra maiúscula) (*)NOTA: este enderezo servirá para todas as comunicaciónsNome:.....Apelidos:.....DNI ou pasaporte:.....
Data de nacemento:.....Enderezo familiar(*):.....
C.Postal:.....Poboación:.....Provincia:.....País:.....Teléfono*:.....
Enderezo electrónico:.....

*Deste número de teléfono poderá facer uso a residencia para contactar co alumno

DATOS ACADÉMICOS CURSO 2018/2019:

- ☐
- Alumno de Grao - Titulación:.....
-
- ☐
- Alumno de Mestrado - Titulación:.....
-
- ☐
- Alumno/a de 3º ciclo (especificar o nome do programa de doutoramento):
-
- ☐
- ¿Solicitará bolsa do Ministerio para o curso 2018/2019?:
- ☐
- SI
- ☐
- NON

DATOS ACADÉMICOS CURSO 2017/2018:Estudios universitarios realizados no curso 2017/2018 (ou no último curso matriculado):
Se estes estudos foron realizados noutra universidade, indíquese:.....DATOS CATASTRAIS:

Referencia catastral vivenda habitual:

DATOS DOS MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR COS QUE CONVIVE (a 31/12/2017):

	NIF	Apelidos e nome	Data de nacemento
1			
2			
3			
4			
5			
6			
7			

DOCUMENTACIÓN QUE DEBE ACHEGAR: (poña unha X na documentación entregada)

- ☐
- Fotocopia do DNI do solicitante e dos demais membros computables da unidade familiar maiores de 14 anos
-
- ☐
- Certificado conxunto de convivencia da unidade familiar
-
- ☐
- Certificado de discapacidade, se é o caso
-
- ☐
- Documentación económica esixida e especificada no anexo III da convocatoria
-
- ☐
- Documentación académica esixida e especificada no anexo III da convocatoria

As persoas que abaixo asinan, declaran responsablemente que é certa a información e a documentación incorporada á presente solicitude e autorizan á Universidade da Coruña a solicitar á Axencia Estatal da Administración Tributaria os datos necesarios para determinar a renda para o recoñecemento, seguimento e control das bolsas de aloxamento, en aplicación do disposto na disposición adicional cuarta da Lei 40/1998 de 9 de decembro.

_____, _____ de _____ de 2018

Sinaturas:

Solicitante

Pai

Nai

Outros membros da unidade familiar

.....

.....

.....

.....

De acordo co previsto na Lei Orgánica 5/1999 de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, infórmase que os datos solicitados neste impreso son necesarios para a tramitación da solicitude e poderán ser obxecto de tratamento automatizado. A responsabilidade do ficheiro automatizado corresponde á Universidade da Coruña, ante ela poderán os solicitante exercer os dereitos de información, acceso, rectificación e cancelación aos que se refire a citada Lei.

**A CORUÑA: SECCIÓN DE BOLSAS - PAVILLÓN DE ESTUDANTES – CAMPUS DE ELVIÑA
FERROL: SAPE - EDIFICIO APOIO AO ESTUDO - CAMPUS DE ESTEIRO**



**SOLICITUDE DE PRAZA DE ALOXAMENTO UNIVERSITARIO
UNIVERSIDADE DA CORUÑA - CURSO 2018/2019**

SOLICITUDE PARA RESIDENCIA PÚBLICA UNIVERSITARIA- A CORUÑA

1º: CUARTO INDIVIDUAL ☐ 2º: CUARTO DOBLE ☐

SOLICITUDE DE NOVA ADMISIÓN ☐

Opta á axuda de carácter xeral ao aloxamento ☐

DATOS PERSOAIS (encher en letra maiúscula) (*)NOTA: este enderezo servirá para todas as comunicacións

Nome:.....Apelidos:.....DNI ou pasaporte:.....

Data de nacemento:.....Enderezo familiar(*):.....

C. Postal:.....Poboación:.....Provincia:.....País:.....Teléfono*:.....

Enderezo electrónico:.....

*Deste número de teléfono poderá facer uso a residencia para contactar co alumno

DATOS ACADÉMICOS CURSO 2018/2019:

☐ Alumno de Grao - Titulación:.....

☐ Alumno de Mestrado - Titulación:.....

☐ Alumno/a de 3º ciclo (especificar o nome do programa de doutoramento):

☐ ¿Solicitará bolsa do Ministerio para o curso 2018/2019?: ☐SI ☐NON

DATOS ACADÉMICOS CURSO 2017/2018:

Estudios universitarios realizados no curso 2017/2018 (ou no último curso matriculado):

Se estes estudos foron realizados noutra universidade, indíquese:.....

DATOS CATASTRAIS:

Referencia catastral vivenda habitual:

DATOS DOS MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR COS QUE CONVIVE (a 31/12/2017):

	NIF	Apelidos e nome	Data de nacemento
1			
2			
3			
4			
5			
6			
7			

DOCUMENTACIÓN QUE DEBE ACHEGAR: (poña unha X na documentación entregada)

☐ Fotocopia do DNI do solicitante e dos demais membros computables da unidade familiar maiores de 14 anos

☐ Certificado conxunto de convivencia da unidade familiar

☐ Certificado de discapacidade, se é o caso

☐ Documentación económica esixida e especificada no anexo III da convocatoria

☐ Documentación académica esixida e especificada no anexo III da convocatoria

As persoas que abaixo asinan, declaran responsablemente que é certa a información e a documentación incorporada á presente solicitude e autorizan á Universidade da Coruña a solicitar á Axencia Estatal da Administración Tributaria os datos necesarios para determinar a renda para o recoñecemento, seguimento e control das bolsas de aloxamento, en aplicación do disposto na disposición adicional cuarta da Lei 40/1998 de 9 de decembro.

_____, _____ de _____ de 2018

Sinaturas:

Solicitante

Pai

Nai

Outros membros da unidade familiar

.....

.....

.....

.....

De acordo co previsto na Lei Orgánica 5/1999 de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, infórmase que os datos solicitados neste impreso son necesarios para a tramitación da solicitude e poderán ser obxecto de tratamento automatizado. A responsabilidade do ficheiro automatizado corresponde á Universidade da Coruña, ante ela poderán os solicitante exercer os dereitos de información, acceso, rectificación e cancelación aos que se refire a citada Lei.

**A CORUÑA: SECCIÓN DE BOLSAS - PAVILLÓN DE ESTUDANTES – CAMPUS DE ELVIÑA
FERROL: SAPE - EDIFICIO APOIO AO ESTUDO - CAMPUS DE ESTEIRO**